



Dependencia  
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios  
64.- SPELO

Documento  
CON10I0KG

Expediente  
CON/62/2015

15078DCON10I0KG1



## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 183.033,68 euros máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 14/6/16 ás 9:10 horas.

### ASISTENTES:

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocais:** D. Xan Duro representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Tamén asiste: Dna. Rebeca Platero, en representación da Federación gallega de la construcción.

### OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	27/05/2016	25.323	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.
2	01/06/2016	26.336	DESMACO S.L.
3	02/06/2016	26.536	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
4	03/06/2016	26.672	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL
5	03/06/2016	26.673	CONSTRUCCIONES RAFER SL
6	03/06/2016	26.708	SAGADE 2009 S.L.
7	03/06/2016	26.723	EXCAVACIONES Y OBRAS PUBLICAS GALICIA, S.L. EXOGA
8	03/06/2016	26.778	COSMALCA SL
9	03/06/2016	26.780	GESTAL Y LOPEZ SL
10	03/06/2016	26.816	MARTINEZ MONTES E HIJOS, SL
11	03/06/2016	26.828	OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
12	04/06/2016	26.917	VARELA EXCAVACIONES
13	04/06/2016	26.918	F. GOMEZ Y CIA, SL
14	04/06/2016	26.919	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
15	04/06/2016	26.920	COVIASSTEC, SL
16	06/06/2016	26.960	CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L. (*)
17	06/06/2016	27.000	ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL (*)
18	06/06/2016	27.006	EXCAVACIONES MIDON SL (*)
19	06/06/2016	27.013	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU (*)
20	06/06/2016	27.021	CRECALCONS, S.L. (*)
21	06/06/2016	27.026	CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L. (*)
22	06/06/2016	27.032	SYR-AMG SLU (*)
23	06/06/2016	27.033	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (*)
24	06/06/2016	27.042	HORDESCON, S.L. (*)
25	06/06/2016	27.053	SERVICON SANEAMIENTO Y OBRAS SLU (*)
26	06/06/2016	27.057	CONTRUCCIONES FECHI SLU (*)
27	07/06/2016	27.342	ALEA CONSTRUCCIONES SL (*)

\*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, así como da restante documentación esixida polo prego de aplicación, resultando que todos a aportan correctamente.



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON10I0KG	Expediente CON/62/2015	

15078DCON10I0KG1



A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	155.492,49
2	DESMACO S.L.	127.702,59
3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	112.199,64
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	135.902,50
5	CONSTRUCCIONES RAFER SL	133.340,00
6	SAGADE 2009 S.L.	150.087,61
7	EXCAVACIONES Y OBRAS PUBLICAS GALICIA, S.L. EXOGA	126.200,00
8	COSMALCA SL	136.776,86
9	GESTAL Y LOPEZ SL	140.990,84
10	MARTINEZ MONTES E HIJOS, SL	111.700,00
11	OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	123.487,60
12	VARELA EXCAVACIONES	145.000,00
13	F. GOMEZ Y CIA, SL	131.994,00
14	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	130.994,00
15	COVIASSTEC, SL	131.454,79
16	CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L. (*)	127.940,54
17	ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL (*)	129.935,61
18	EXCAVACIONES MIDON SL (*)	112.474,19
19	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU (*)	120.198,11
20	CRECALCONS, S.L. (*)	150.087,61
21	CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L. (*)	132.973,57
22	SYR-AMG SLU (*)	119.282,97
23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (*)	137.586,42
24	HORDESCON, S.L. (*)	140.039,07
25	SERVICON SANEAMIENTO Y OBRAS SLU (*)	128.502,21
26	CONSTRUCCIONES FECHI SLU (*)	126.671,87
27	ALEA CONSTRUCCIONES SL (*)	159.843,31

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador e sobre a calificación dalgunha das ofertas como incurso en baixa desproporcionada ou temeraria. De ser o caso, daráselle traslado ós licitadores afectados a efectos de que aporten a documentación xustificativa da mesma.

Ás 9:46 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA



**Expediente:** Obras de "Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas" (POS-2015 adicional 1)

**Asunto:** Ordenación das ofertas económicas segundo factor prezo e determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a ordenación das ofertas económicas (sobre C) segundo o criterio de valoración factor prezo (cláusula 9) e para a determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados (cláusula 15.3) do procedemento de contratación das obras de "**Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas**", incluídas no POS-2015 (adicional 1) da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/62/2015.

### Apertura sobre C

Con data 14/06/2016 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre C dos licitadores non excluídos ata dito momento.

Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	VINCULADAS
1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	155.492,49 €	15,05%	
2	DESMACO, S.L.	127.702,59 €	30,23%	
3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	112.199,64 €	38,70%	
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	135.902,50 €	25,75%	
5	CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	133.340,00 €	27,15%	
6	SAGADE 2009, S.L.	150.087,61 €	18,00%	
7	EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, S.L. (EXOGA)	126.200,00 €	31,05%	
8	COSMALCA, S.L.	136.776,86 €	25,27%	
9	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	140.990,84 €	22,97%	
10	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	111.700,00 €	38,97%	
11	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	123.487,60 €	32,53%	
12	VARELA EXCAVACIONES	145.000,00 €	20,78%	
13	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	131.994,00 €	27,89%	13 / 14
14	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	130.994,00 €	28,43%	13 / 14
15	COVIASSTEC, S.L.	131.454,79 €	28,18%	
16	CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L.	127.940,54 €	30,10%	
17	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	129.935,61 €	29,01%	
18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	112.474,19 €	38,55%	
19	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	120.198,11 €	34,33%	
20	CRECALCONS, S.L.	150.087,61 €	18,00%	
21	CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	132.973,57 €	27,35%	
22	SYR-AMG, S.L.U.	119.282,97 €	34,83%	
23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	137.586,42 €	24,83%	
24	HORDESCON, S.L.	140.039,07 €	23,49%	
25	SERVICON SANEAMIENTO Y OBRAS, S.L.U.	128.502,21 €	29,79%	



26	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	126.671,87 €	30,79%
27	ALEA CONSTRUCCIONES, S.L.	159.843,31 €	12,67%
Orzamento I.V.E. incluído (anexo I.3):		221.470,75 €	
Orzamento base (sen 21% de I.V.E.):		183.033,68 €	
Prazo de execución (anexo I.6):		4 meses	

### Ordenación das ofertas segundo o criterio de valoración

De acordo coa cláusula 9 do PCAP, o contrato, sen prexuízo do establecido no mesmo en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados, adxudicarase á empresa que presente a oferta económica mais vantaxosa consistente no prezo mais baixo.

Preséntase a continuación a ordenación de menor a maior dos licitadores segundo o prezo ofertado para o contrato:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	10	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	111.700,00 €	38,97%
2º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	112.199,64 €	38,70%
3º	18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	112.474,19 €	38,55%
4º	22	SYR-AMG, S.L.U.	119.282,97 €	34,83%
5º	19	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	120.198,11 €	34,33%
6º	11	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	123.487,80 €	32,53%
7º	7	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	126.200,00 €	31,05%
8º	26	EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, S.L. (EXOGA)	126.671,87 €	30,79%
9º	2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	127.702,59 €	30,23%
10º	16	DESMACO, S.L.	127.940,54 €	30,10%
11º	25	CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L.	128.502,21 €	29,79%
12º	17	SERVICON SANEAMIENTO Y OBRAS, S.L.U.	129.935,61 €	29,01%
13º	14	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	130.994,00 €	28,43%
14º	15	EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.	131.454,79 €	28,18%
15º	13	COVIATEC, S.L.	131.994,00 €	27,89%
16º	21	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	132.973,57 €	27,35%
17º	5	CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	133.340,00 €	27,15%
18º	4	CONSTRUCCIONES RAFAEL, S.L.	135.902,50 €	25,75%
19º	8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	136.776,86 €	25,27%
20º	23	COSMALCA, S.L.	137.586,42 €	24,83%
21º	24	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	140.039,07 €	23,49%
22º	9	HORDESCON, S.L.	140.990,84 €	22,97%
23º	12	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	145.000,00 €	20,78%
24º	6	VARELA EXCAVACIONES	150.087,61 €	18,00%
24º	20	SAGADE 2009, S.L.	150.087,61 €	18,00%
26º	1	CRECALCONS, S.L.	155.492,49 €	15,05%
27º	27	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	159.843,31 €	12,67%
		ALEA CONSTRUCCIONES, S.L.		

### Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

De conformidade coas consultas efectuadas á Sección de Contratación en anteriores procedementos de licitación, no caso de concorrencia de empresas vinculadas, é de aplicación o artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP). En consecuencia, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, para cada grupo de empresas

vinculadas tomarase unicamente a oferta mais baixa No caso da presente licitación resulta de aplicación sobre os seguintes grupos de vinculación:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
13º	14	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	130.994,00 €	28,43%
15º	13	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	Vinculada	

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realízase mediante o procedemento previsto na cláusula 15.3.2 do PCAP segundo o suposto de 4 ou mais ofertas:

- Media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre C e non vinculados (1ª media) ..... 132.571,71 €
- Valor límite das ofertas para a consideración do cálculo dunha nova media (1ª media + 6,67%) ..... 141.414,24 €
- Ofertas económicas que superan o valor límite e exclúense do cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
23º	12	VARELA EXCAVACIONES	145.000,00 €	20,78%
24º	6	SAGADE 2009, S.L.	150.087,61 €	18,00%
24º	20	CRECALCONS, S.L.	150.087,61 €	18,00%
26º	1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	155.492,49 €	15,05%
27º	27	ALEA CONSTRUCCIONES, S.L.	159.843,31 €	12,67%

- Ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	10	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	111.700,00 €	38,97%
2º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	112.199,64 €	38,70%
3º	18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	112.474,19 €	38,55%
4º	22	SYR-AMG, S.L.U.	119.282,97 €	34,83%
5º	19	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	120.198,11 €	34,33%
6º	11	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	123.487,60 €	32,53%
7º	7	EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, S.L. (EXOGA)	126.200,00 €	31,05%
8º	26	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	126.671,87 €	30,79%
9º	2	DESMACO, S.L.	127.702,59 €	30,23%
10º	16	CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L.	127.940,54 €	30,10%
11º	25	SERVICON SANEAMIENTO Y OBRAS, S.L.U.	128.502,21 €	29,79%
12º	17	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	129.935,61 €	29,01%
13º	14	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	130.994,00 €	28,43%
14º	15	COVIASSTEC, S.L.	131.454,79 €	28,18%
16º	21	CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	132.973,57 €	27,35%
17º	5	CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	133.340,00 €	27,15%
18º	4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	135.902,50 €	25,75%
19º	8	COSMALCA, S.L.	136.776,86 €	25,27%
20º	23	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	137.586,42 €	24,83%
21º	24	HORDESCON, S.L.	140.039,07 €	23,49%
22º	9	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	140.990,84 €	22,97%

- Media das ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da mesma (2ª media) ..... 127.921,59 €

6. Valor límite das ofertas económicas para a súa consideración como temeraria (2ª media - 6,67%) ..... 119.389,22 €
7. Ofertas económicas inferiores ao valor límite para a súa consideración como temerarias

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	10	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	111.700,00 €	38,97%
2º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	112.199,64 €	38,70%
3º	18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	112.474,19 €	38,55%
4º	22	SYR-AMG, S.L.U.	119.282,97 €	34,83%

### Conclusión

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación das seguintes ofertas económicas presentadas en canto ao establecido no mesmo para as ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

- MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
- EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
- SYR-AMG, S.L.U.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

#### 1. Xustificación dos prezos ofertados

##### A. Materiais

##### a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

##### B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

#### 2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña

contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Ademais do sinalado no PCAP, o técnico que subscribe solicita que sexa incluído nos requirimentos aos licitadores que *"só se aceptarán como elementos a avaliar das xustificacións presentadas aqueles que estean acreditados e debidamente documentados"*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2016

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís







**Expediente:** Obras de "Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas" (POS-2015 adicional 1)  
**Asunto:** Análise documentacións xustificación ofertas económicas anormais ou desproporcionadas

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise das documentacións presentadas por MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L., EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., EXCAVACIONES MIDÓN, S.L. e SYR-AMG, S.L.U. como xustificación das súas ofertas económicas presentadas no procedemento de contratación das obras de "**Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas**", incluídas no POS-2015 (adicional 1) da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/62/2015.

### Antecedentes

Con data 15/06/2016 se informou que as ofertas económicas dos anteditos licitadores encóntranse en situación de "ofertas con valores anormais o desproporcionados" nos termos establecidos na cláusula 15.3.2 do PCAP.

Con data 30/06/2016, recibíuse do Servizo de Contratación de Obras e Servizos a seguinte documentación presentada a tal efecto:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		LICITADOR
		DATA	REXISTRO	
1º	10	23/06/2016	30.926	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.
2º	3	23/06/2016	30.942	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
3º	18	27/06/2016	31.168	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
4º	22	27/06/2016	31.127	SYR-AMG, S.L.U.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, son criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público.

**B. Maquinaria**

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

**C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.**

**2. Volume de obra**

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

**3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada**

Xustifícase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

**Descrición das obras licitadas**

De acordo co proxecto construtivo que figura no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello, as obras consisten basicamente nos seguintes puntos a executar sobre viarios municipais:

- Limpeza de gabias.
- Explanación, refino e nivelación do firme existente.
- Reforzo do pavimento mediante rebacheo en tramos con macadam e tratamento bituminoso semiprofundo ou con zaborra artificial.
- Triple tratamento superficial e rego de selado.
- Nalgúns dos viarios marcarase a sinalización horizontal e a instalación de sinalización vertical.

As obras afectan a 12 viarios ao longo de 7 parroquias do medio rural do término municipal de Santiago de Compostela.

**Análise técnico das xustificacións presentadas**

En anexo ao presente informe, incorpórase o análise individualizado e pormenorizado da documentación presentada por cada un dos licitadores, tendo en conta a documentación requirida segundo o establecido na cláusula 15.3.3 do PCAP.

**Conclusión**

Propónse á mesa de contratación a desestimación de todas as ofertas económicas analizadas por ser anormais ou desproporcionadas polos seguintes motivos:



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

- **MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.**

Non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador segundo os argumentos expostos ao longo do seu análise pormenorizado.

- **EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.**

Non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador segundo os argumentos expostos ao longo do seu análise pormenorizado.

- **EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.**

Non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico.

- **SYR-AMG, S.L.U.**

Non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2016  
O Enxeñeiro de Camiños municipal,

  
Asdo.: Miguel Fernández Solís

**ANÁLISE TÉCNICO DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS**

**MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.**

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

**1. Xustificación dos prezos ofertados**

**A. Materiais**

**a) Compra**

Aporta cartas de compromiso de provedores con prezos de subministro para emulsións asfálticas, grava miúda, grava, zahorra artificial e formigón. As cartas de compromiso non acreditan se os prezos ofertados son en punto de subministro do provedor ou a pe de obra, incluíndo o seu transporte.

Non aporta cartas de compromiso nin prezos detallados de subministro para macadam, compoñentes da sinalización vertical e horizontal e xestión de residuos.

Para avaliar a verosimilitude das ofertas dos prezos dos materias presentadas, e que logo utiliza o licitador no cálculo da súa oferta, expónse a continuación una tabula comparativa cos prezos do proxecto e cos prezos das empresas públicas SEAGA (2013) e TRAGSA (2016) para a realización de actuacións por encomendas da Administración:

Material		Licitador	Proxecto		SEAGA		TRAGSA	
Descrición	Ud.		Prezo	Desconto	Prezo	Desconto	Prezo	Desconto
Emulsión bituminosa ECR-2	kg	0,14 €	0,32 €	56,25%	0,46 €	69,57%	0,38 €	63,16%
Grava triturada calcaria (8/12 mm)	t	3,00 €	10,35 €	71,01%	13,10 €	77,10%	7,50 €	60,00%
Grava miúda machuca. (5/8 mm)	t	3,20 €	10,30 €	68,93%	13,10 €	75,57%	9,09 €	64,80%

Os descontos resultantes oscilan entre o 56,25% e o 77,10% e non son os habituais no sector da construción. En consecuencia, non pode afirmarse que os prezos presentados sexan verosímiles para a execución das obras.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non aporta documentación.

**B. Maquinaria**

a) Aluguer e/ou contratación: non aporta documentación.

b) Medios propios

Aporta unha resolución de data 14/08/2009 de Consellería de Economía e Industria pola que se inscribe a ampliación do establecemento industrial do licitador. Na mesma inclúese unha declaración do licitador da maquinaria adscrita na dita data.

Non aporta documentación actualizada para o ano 2016.

Non aporta un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, etc.).



C. Oferta detallada por unidades de obra

Presenta o orzamento detallado asumindo para a maior parte das unidades de obra os mesmos prezos de execución material do proxecto. Modifica no seu estudo os seguintes prezos que posteriormente calcula detalladamente:

• Tratamento semiprofundo bituminoso

Modifica á baixa os rendementos da maquinaria e da man de obra previstos no proxecto pero non xustifica os seus datos.

Modifica á baixa os prezos dos materiais (grava e emulsión bituminosa) que, segundo o antedito, non son verosímiles.

Na descrición da unidade de obra (contractual) utilízase grava miúda 20/10 mm pero na súa xustificación (non contractual) inclúese grava 8/12 mm. O licitador non ten en conta dita circunstancia no seu estudo.

Modifica o custo da estendedora pero non xustifica o seu dato.

• Triple tratamento superficial

Modifica á baixa os rendementos da maquinaria e á alza do oficial 1ª previstos no proxecto pero non xustifica os seus datos.

Modifica á baixa os prezos dos materiais (grava, grava miúda e emulsión bituminosa) que, segundo o antedito, non son verosímiles e modifica a baixa o prezo da arena pero non aporta oferta xustificativa do seu subministro.

Na descrición da unidade de obra (contractual) utilízase unha dotación de 20 l/m<sup>2</sup> de grava 8/12 mm que supón en peso 0,036 t/m<sup>2</sup>, supoñendo unha densidade de 1,8 t/m<sup>3</sup>. Na súa xustificación (non contractual) inclúese una dotación de 0,017 t/m<sup>2</sup>, a metade da requirida. O licitador non ten en conta dita circunstancia no seu estudo.

Modifica o custo da estendedora pero non xustifica o seu dato.

• Rega de selado con emulsión

Modifica á baixa os rendementos da maquinaria e da man de obra previstos no proxecto pero non xustifica os seus datos.

Modifica á baixa o prezo da emulsión bituminosa que, segundo o antedito, non é verosímil.

Na descrición da unidade de obra (contractual) utilízase arena cunha dotación de 5 l/m<sup>2</sup>, pero na súa xustificación (non contractual) non se inclúe. O licitador non ten en conta dita circunstancia no seu estudo.

No resto das unidades de obra o licitador non realiza un estudo pormenorizado dos seus custos, polo que non é posible avaliar se son os mesmos que os do proxecto que asume.

Respecto aos gastos xerais, o licitador mantén o porcentaxe previsto no proxecto (13%) pero non aporta información sobre cales son os gastos xerais previstos da obra e da súa organización.

Mantén tamén o porcentaxe de beneficio industrial (6%) previsto no proxecto. Se ben este porcentaxe é de absoluta liberdade de elección do licitador, non parece ser o mais habitual no sector da construción de obra pública.

En conclusión, o presuposto detallado parece máis un cálculo a posteriori para cadrar a oferta económica presentada que un pormenorizado estudo de custos das obras a executar, polo que non pode asumirse a súa validez.

## 2. Volume de obra

O licitador manifesta o seguinte na súa documentación:

*“La cuestión es que en la actualidad esta empresa no tiene pendiente ningún contrato de obra por ejecutar con el Ayuntamiento, por lo cual el equipo técnico y la maquinaria y todo el equipo de personal no poseen ninguna carga de trabajo, y estamos cerca de la obra, siendo la causa de la baja presentada y poder contratar obras del Ayuntamiento de Santiago.”*

Do establecido no PCAP o licitador debe presentar un listado das obras que teña contratadas ou en execución. Quen non teña obras contratadas con el Concello de Santiago de Compostela non supón que non teña na actualidade ningunha outra obra contratada ou en execución.

Non xustifica a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón, nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

## 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Aporta unha declaración responsable na que manifesta que na actualidade non ten ningunha obra en execución coa Administración pública ou con cliente privado. Non sinala nada sobre obras contratadas.

Presenta as liquidacións persoais da nómina do mes de maio de 4 condutores, 2 enxeñeiros, 1 administrativo, 1 capataz, 2 maquinistas e 2 albaneis.

A documentación aportada non permite establecer la relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

O resto da documentación presentada polo licitador (programa detallado de execución das obras e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada) non é requirida no PCAP para a xustificación da oferta económica.

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.**

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas na cláusula 15.3.3 do PCAP:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

Non aporta ningunha carta de compromiso de provedores e tampouco prezos detallados de subministro de materiais.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

Non aporta relación detallada de medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público.

Manifesta, de forma xenérica, que dispón de provisión de grava miúda e arena como excedentes de outras obras e que dita circunstancia permite reducir o prezo das partidas de rego. Con todo, dita afirmación non é correcta posto que ditas provisións ten un custo de adquisición e o seu almacenamento por non disposición supón un incremento de custo por dita circunstancia e tamén gastos financeiros entre o seu pago ao provedor e o seu posterior cobro trala súa utilización en obra.

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: manifesta que non precisa o aluguer de maquinaria.

b) Medios propios

Aporta unha relación de maquinaria da empresa que pon a disposición das obras.

Non aporta un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, impostos, etc.).


C. Oferta detallada por unidades de obra

Presenta unicamente un listado dos seus prezos unitarios das unidades de obra do proxecto. Non aporta ningún tipo de documentación ou estudo de custos que permita avaliar se estes prezos son certos.

Non presenta a oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

Respecto aos gastos xerais, o licitador establece un porcentaxe do 5% pero non aporta información xustificativa do mesmo.

Sobre o beneficio industrial establece un porcentaxe do 0%, o cal supón unha manifesta desviación do obxectivo básico de calquera empresa mercantil constituída con ánimo de lucro.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## 2. Volume de obra

Presenta unicamente un listado de obras contratadas ou en execución, pero non xustifica a relación existente entre as mesmas e os medios persoais e materiais que dispón, nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

Sinalar que no listado manifesta que ten contratadas co Concello de Santiago de Compostela as obras de "*Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre – Fase II*". Con todo, ditas obras están contratadas na actualidade polo Concello de Santiago de Compostela á entidade PETROLAM A VEIGA, S.L.

## 3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Presenta unha relación nominal do persoal da empresa e da súa cualificación profesional. No aporta ningún dato sobre os seus custos e polo tanto non manifesta os seus custos laborais fixos.

Non aporta unha declaración responsable da obra en execución.

En consecuencia, non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

O resto da documentación presentada polo licitador (declaración responsable da cifra de negocio dos tres últimos exercicios) non é requirida no PCAP para a xustificación da oferta económica.

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.**

Unicamente aporta unha breve declaración (1 folla) na que de forma moi xenérica manifesta o seguinte:

- A obra atópase a 8 km das instalacións do licitador onde ten as provisións de materiais.
- A baixa ofertada basease nos seus custos internos (custos de estrutura, custos indirectos y custos directos).
- A maquinaria necesaria para a execución da obra e os vehículos para o transporte de materiais é propiedade do licitador e está totalmente amortizada.
- Que conta cunha ampla experiencia en execución de obras e que esta é a causa da redución dos prezos.
- Sinala que o prazo de 6 meses para a execución do proxecto permítelle executar polo prezo ofertado. Con todo o prazo de licitación das obras é de 4 meses (apartado 6 do Anexo I – Cadro de características do contrato do PCAP).

As consideracións sinaladas polo licitador na súa documentación carecen totalmente de calquera rigor técnico e non permiten un mínimo análise para su avaliación.

Non presenta ningunha documentación para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP.

En conclusión, a vista do antedito, o licitador non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.

**SYR-AMG, S.L.U.**

Unicamente aporta unha breve memoria (3 páxinas) na que de forma moi xenérica manifesta o seguinte:

- É unha empresa familiar de pequena dimensión, o que permítelle reducir os seus gastos de estrutura, resultando un baixo custo de gastos xerais.
- É unha empresa xove cun obxectivo primordial de captación de mercado e acceso a novos clientes, polo que reduce a obtención de beneficio industrial para alcanzar dito obxectivo.
- O persoal da empresa é altamente cualificado e con ampla experiencia na execución de traballos similares aos licitados.
- Posúe un parque de maquinaria propia practicamente amortizado na súa totalidade e non ten necesidade de acudir a alugueres.
- Obtén uns rendementos maiores aos considerados no proxecto e uns menores custos económicos e financeiros.
- Sinala que a súa oferta económica é inferior unicamente en 128,57 € (sen I.V.E.) respecto ao límite resultante para a consideración dunha oferta como anormal ou desproporcionada.
- A oferta económica é o resultado dun estudo de custos razoado e prudente que inclúe un porcentaxe para imprevistos e uns gastos xerais e beneficio industrial mínimos.
- Consideran que a diferenza económica entra a súa oferta económica e o límite resultante para a consideración dunha oferta como anormal ou desproporcionada é insignificante con respecto ao importe total da obra.
- O estreito marxe que separa ambos valores non produce que a súa oferta sexa economicamente inviable desde o punto de vista do balance custo-resultado.
- O límite resultante para a consideración dunha oferta como anormal ou desproporcionada deducido da aplicación das determinacións do PCAP está baseado nun cálculo puramente matemático que non reflecta a realidade técnica e económica da obra.

As consideracións sinaladas polo licitador na súa documentación carecen totalmente de calquera rigor técnico e non permiten un mínimo análise para su avaliación.

Non presenta ningunha documentación para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP.

En conclusión, a vista do antedito, o licitador non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON1010KG	Expediente CON/62/2015	

15078DCON1010KG1



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 183.033,68 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12/7/16 ás 8:45 horas.

### ASISTENTES:

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocais:** D. Manuel Dios, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.  
Dña. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Analizadas e puntuadas as ofertas admitidas a esta licitación por medio de informe do enxeñeiro de camiños municipal emitido con data 15 de xuño pasado, resultou que as ofertas das empresas MARTINEZ MONTES E HIJOS SL, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, EXCAVACIONES MIDON SL e SYR-AMG SLU atópanse en situación de baixa desproporcionada ou temeraria.

En cumprimento do previsto no prego de aplicación, pola sección municipal de contratación deuse traslado deste feito os licitadores afectados, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para a xustificación das súas ofertas económicas.

Procede agora a mesa de contratación ó exame do informe relativo á xustificación destas baixas temerarias emitido de novo polo enxeñeiro municipal con data 8 de xullo, que conclúe propoñendo a desestimación de todas as ofertas analizadas.

Polo tanto, e de conformidade cos informes emitidos, resulta que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU.

En consecuencia, a mesa ACORDA:

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas MARTINEZ MONTES E HIJOS SL, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, EXCAVACIONES MIDON SL e SYR-AMG SLU por non xustificar debidamente que as súas proposicións poden ser cumpridas como consecuencia das súas baixas desproporcionadas ou anormais.

**SEGUNDO:** Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **120.198,11 euros IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 8:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON10I0KG	Expediente CON/62/2015	

15078DCON10I0KG1



## ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 183.033,68 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de agosto de 2016, ás 9 horas.

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.


**Vocais:** Dna. María Rozas, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.12 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA



O SECRETARIO DA MESA

